

Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estatística do día 27 de novembro de 2015

OE 38-105 Estatística de multilocalización empresarial

PROXECTO TÉCNICO

Xustificación e aspectos metodolóxicos xerais

A tendencia á multilocalización da actividade produtiva das empresas é un feito que implica a unha parte importante e crecente da economía. A multilocalización responde a diferentes factores que poden agruparse en: i) os vinculados a condicionantes da actividade produtiva; ii) os derivados da proximidade ao mercado finalista dos seus produtos, e iii) os ligados á organización. A dispoñibilidade de materias primas e a distribución comercial serían exemplos típicos do primeiro e segundo grupo, respectivamente, mentres que as sedes centrais o serían do terceiro.

Os directorios de empresas ofrecen unha primeira información estatística sobre a multilocalización, incluída a variable de emprego. O Directorio de empresas e unidades locais de Galicia (DIR-IGE 2013) inclúe 4.426 empresas con actividade en Galicia e sede social noutras comunidades autónomas; estas empresas apenas representan un 2,2% das que operan en Galicia, pero esta porcentaxe elévase ó 22% no emprego asalariado.

As estatísticas de multilocalización empresarial teñen un interese analítico en campos tan amplos da Economía como a unidade de mercado, a fiscalidade ou o propio esquema de organización autonómica e o seu financiamento. Dende unha perspectiva máis inmediata do sistema estatístico de Galicia, a multilocalización ten implicacións directas na elaboración das diferentes estatísticas económicas, tanto estruturais como de síntese.

Diferentes estudos teñen abordado os efectos da multilocalización nas economías rexionais, aínda que baixo enfoques dominados polo estudo do impacto das sedes centrais ¹.

A multilocalización no contexto rexional ten un certo paralelismo coas filiais no contexto da economía nacional. No ámbito da Unión Europea, a cuestión foi abordada polo Regulamento (CE) nº 716/2007 relativo ás estatísticas comunitarias sobre a estrutura e a actividade das filiais estranxeiras, implementado en España por sendas operacións estatísticas do INE (*FILINT, Estadística de filiales de empresas extranxeras en España, e FILEXT, Estadística de filiales de empresas españolas en el exterior*).

¹ Ver, por exemplo: GUIMBAO BESCÓS (2003) "El marco input-output: cuestiones relevantes en la aplicación del SEC-95" (páx. 4-5). Comunidad de Madrid (1995) "Aproximación al estudio de las Sedes Centrales en Madrid"; AYET, C. Y SANZ, B. (2004) *Las sedes centrales en la economía madrileña*.

Problemas específicos

A importancia da multilocalización non ten o reflexo necesario na metodoloxía para o seu estudo sistemático, aínda que certos cambios parecen avanzar neste obxectivo. Así, a CNAE 2009 asigna un epígrafe específico ás sedes centrais ("*70.1 Actividades das sedes centrais*"), e o Sistema Europeo de Contas establece as bases para o estudo das unidades multilocalizadas (SEC-2010, 2.148: "*O sistema de información da unidade institucional debe ser capaz de informar ou calcular, polo menos, o valor da produción, os consumos intermedios, a remuneración dos asalariados e o excedente de explotación, emprego e formación bruta de capital fixo de cada unidade de actividade económica local, UAEL*").

Estas novidades no ámbito teórico son importantes, se ben a súa eficacia real ven limitada pola dispoñibilidade de información, condicionada polo *Plan General de Contabilidade* que, na súa redacción de 2007, non contempla a desagregación por establecemento das contas de produción e explotación.

Así, as operacións estatísticas que teñen como obxectivo investigar variables a nivel de establecemento en empresas multilocalizadas, atópanse con problemas específicos, algúns de carácter obxectivo (limitada dispoñibilidade e/ou acceso á información contable), e outros subxectivos (por exemplo, a identificación de interlocutor válido). De feito, o mesmo SEC reconece as limitacións para a rexionalización das operacións das unidades institucionais e multi-rexionais (SEC-2010, 13.16)

As limitacións da información contable poden solventarse con estimacións indirectas a partir da información global da empresa e a súa asignación por establecementos en base a variables relevantes. A variable preferida é o emprego ligado ó establecemento, aínda que pode ter unha validez limitada como indicador de asignación do conxunto de variables económicas, dada a heteroxeneidade dos establecementos que integran a empresa como unidade contable (as sedes centrais serían un exemplo típico das limitacións no reparto da produción, consumos intermedios ou valor engadido en base a un emprego que, ademais, pode ter niveis de retribución que se apartan da media da empresa²) Outras variables como a cifra de negocio, os gastos de persoal, as compras ou os investimentos poden ser unha boa fonte de información complementaria para unha aproximación á caracterización económica a nivel de establecemento.

Obxectivos da operación no marco da planificación estatística de Galicia.

A estatística de multilocalización empresarial está incluída como operación estatística no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2015 (Decreto 164/2014, do 26 de decembro), no que figura como operación en proxecto que responde ás

² Ver, por ex.: MELLA et Alt. (2010) *Estimación del VAB generado por las sedes centrales en Madrid*

metas de información incluídas no epígrafe 3.8.1 “Estrutura e caracterización do sector empresarial”, co obxectivo concreto de “Proporcionar información relativa ás principais características e indicadores de estrutura e actividade en Galicia das empresas con sede fóra de Galicia”.

O ámbito poboacional de investigación previsto inicialmente era o das empresas con establecementos en Galicia e sede fóra da Comunidade Autónoma; agora ben, dada a realidade bidireccional da multilocalización, o sistema de indicadores proposto neste proxecto técnico definitivo amplía o ámbito de investigación á actividade noutras comunidades autónomas das empresas que teñen a súa sede en Galicia.

Fontes

Información de base

O sistema de indicadores ten como soporte as enquisas estruturais levadas a cabo polo INE (*Encuesta Industrial Anual de Empresas, Encuesta Anual de Comercio e Encuesta Anual de Servicios*) De cada unha destas operacións faise unha explotación específica dos microdatos en función da sede da empresa e ponse en relación cos datos agregados xa publicados polo INE e recollidos na páxina web do IGE.

Os microdatos son facilitados polo INE en base ó Acordo Marco suscrito o 30/01/2002 entre o Instituto Nacional de Estadística e o Instituto Galego de Estatística.

Esta opción, ademais de responder a criterios de eficacia, economía e redución de carga de resposta para as unidades informantes, permite referenciar a multilocalización a unha mesma fonte de datos, no contexto da actividade económica en cada rama, facilitando a construción de indicadores homoxéneos e coherentes, así como eventuais comparacións territoriais.

Unidades de información: empresa e establecemento

No esquema das operacións de orixe dos microdatos, a empresa (*“unidade de organización dedicada á produción de bens e servizos que conta con autonomía de decisión”*) é a unidade central das respectivas enquisas, asumindo tanto o papel de unidade informante (a que facilita a información) como de unidade de observación (á que se refiren os datos do cuestionario).

No caso de empresas multilocalizadas, a información da empresa como unidade central de observación complementase coa información relevante desagregada por establecemento (*“parte da empresa situada nunha localización xeográfica determinada”*)

Os microdatos dispoñibles para as empresas multilocalizadas con algún establecemento en Galicia, procedentes das operacións de orixe sinaladas, conteñen dous bloques de

información: i) a relativa ó conxunto da empresa, e ii) a relativa ós establecementos ou locais ubicados en Galicia.

Variables empregadas

Os microdatos ofrecen información contable detallada para o conxunto da empresa en conexión coas súas contas anuais. A información por establecemento derívase da distribución porcentual que estes representan sobre o conxunto da empresa para un número reducido de variables. Dado que o sistema de indicadores ten en conta tanto a unidade empresa como o establecemento, as variables empregadas límitanse ás dispoñibles para este (emprego, cifra de negocios, compras, gastos de persoal e incorporación de activos)

Factores de elevación e limitacións como consecuencia do deseño mostral

A deseño da mostra orixe dos microdatos (*Encuesta Industrial Anual de Empresas*, *Encuesta Anual de Comercio* e *Encuesta Anual de Servicios*) contempla a Actividade principal (CNAE 09), a Comunidade Autónoma e o Tamaño (emprego) da empresa como variables de estratificación. A multilocalización queda recollida na medida en que a mostra é representativa para a Comunidade Autónoma sede da empresa, complementada coa desagregación por establecementos de determinadas variables.

A estratificación por tamaño presenta algunhas diferenzas entre as respectivas operacións, optando a *Encuesta Industrial Anual de Empresas* polo número de ocupados e cinco estratos (ata 3; 4-9; 10-19; 20-49; 50 ou mais ocupados), mentres que a *Encuesta Anual de Comercio* e a *Encuesta Anual de Servicios* o fan por número de asalariados e sete estratos (0; 1-2; 3-5; 6-9; 10-19; 20-49; 50 ou mais asalariados). As respectivas fraccións de mostreo son crecentes, cunha autorrepresentación das empresas do último estrato (50 ou mais ocupados na Industria e 50 ou mais asalariados no Comercio e Servizos), así coma de tódalas filiais de empresas estranxeiras e outras empresas que, tendo menos emprego, teñen “facturación elevada”.

A validez dos factores de elevación para a análise da multilocalización queda limitada pola falta dun criterio específico no deseño da mostra, se ben o elevado tamaño das mostrás respectivas (unhas 2.500 empresas en Industria, 3.200 en Comercio e 4.000 en Servizos para o ano 2013), e o maior tamaño das empresas multilocalizadas, reduce o efecto mostra na análise obxecto desta operación. Coa explotación dos microdatos, levarase a cabo unha análise dos valores n/N para as ramas de actividade e/ou estratos de tamaño que permita unha mellor valoración das estimacións publicadas.

Descártanse alternativas baseadas en recalcular os factores de elevación pola necesidade de manter a coherencia coa información agregada elaborada polo INE e xa publicada na web do IGE, unha información que tamén será empregada na construción dos indicadores.

Ámbito poboacional

De acordo co obxectivo e campo de observación, a poboación obxecto de estudo ten dúas compoñentes:

- 1) Os establecementos en Galicia das empresas que teñen a súa sede social noutras CCAA..
- 2) As empresas con sede social en Galicia que poden ter parte da súa actividade noutras CCAA.

Nun e outro caso, a investigación comprende as actividades incluídas nas seccións B-C-D-E (industria), G (Comercio) e H-I-J-L-M-N (Servizos de mercado, non financeiros) da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-09).

Ámbito xeográfico

A operación cubre o conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia

Ámbito temporal

A operación ten periodicidade anual.

Elaboración dos indicadores

Indicadores de multilocalización da actividade en Galicia (IMAct)

$IMAct_{(i)} = (ASF_{(i)} / ATG_{(i)})$, onde:

- $IMAct_{(i)}$: Indicador de multilocalización da actividade en Galicia para a variable (i)
- $ASF_{(i)}$: valor da variable (i) que corresponde a empresas con sede noutras CCAA (valor calculado a partir dos microdatos)
- $ATG_{(i)}$: valor da variable (i) que corresponde ó total da actividade en Galicia (valor elaborado polo INE e publicado na web do IGE)

Indicadores de multilocalización das empresas con sede en Galicia (IMEmp)

$IMEmp_{(i)} = (AEF_{(i)} / ATE_{(i)})$, onde:

- $IMEmp_{(i)}$: Indicador de multilocalización das empresas con sede en Galicia para a variable (i)
- $AEF_{(i)}$: valor da variable (i) na actividade das empresas con sede en Galicia levada a cabo en establecementos noutras CCAA (valor calculado a partir dos microdatos)
- $ATE_{(i)}$: valor da variable (i) do total da actividade das empresas que teñen a sede en Galicia (valor calculado a partir dos microdatos)

Os indicadores IMAct e IMEmp calcularanse para cada unha das variables de estudo e co mesmo grao de desagregación de actividades recollido na publicación das enquisas estruturais de referencia, salvo limitacións de segredo estatístico derivadas de eventuais restricións da mostra.

Variables de clasificación

Actividade económica

Considérase a actividade económica principal (aquela que xera maior valor engadido) da empresa. A difusión dos resultados seguirá a desagregación xa recollida na publicación dos resultados das operacións de orixe:

B	Industrias extractivas
C	Industria manufactureira
	Alimentación, bebidas e tabaco (CNAE 10, 11, 12)
	Industria téxtil, confección, coiro e calzado (CNAE 13, 14, 15)
	Madeira e corcho, papel e artes gráficas (CNAE 16, 17, 18)
	Industria química e farmacéutica (CNAE 20, 21)
	Caucho e materias plásticas (CNAE 22)
	Produtos minerais non metálicos diversos (CNAE 23)
	Metalurxia e fabricación de produtos metálicos (CNAE 24, 25)
	Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico (CNAE 26, 27)
	Maquinaria e equipo mecánico (CNAE 28)
	Material de transporte (CNAE 29, 30)
	Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalación de maquinaria e equipo (CNAE 31, 32, 33)
D	Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
E	Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación
G	Comercio ó por maior e ó por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas
	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45)
	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46)
	Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47)
H	Transporte e almacenamento
I	Hostalería
J	Información e comunicacións
L	Actividades inmobiliarias
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas
N	Actividades administrativas e servizos
95p	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico

Tamaño da empresa

Dada a incidencia do tamaño da empresa na multilocalización, difundiranse os indicadores resultantes para o total de empresas, e para as de 10 ou mais ocupados en Galicia (IMAct) ou na empresa (IMEmp).

Clasificación territorial

A tabulación dos resultados ven condicionada polo deseño mostral nas operacións de orixe, que toman a Comunidade Autónoma como única referencia territorial, o que exclúe unha presentación territorial dos datos máis desagregada.

Nos indicadores IMAct unha análise previa da mostra determinará a viabilidade da difusión de resultados con desagregación por comunidade autónoma da sede social da empresa.

Difusión de resultados

De acordo cos obxectivos e ámbito da investigación, difundiranse dous bloques de indicadores: Indicadores de multilocalización da actividade en Galicia (IMAct) e Indicadores de multilocalización das empresas con sede en Galicia (IMEmp)

As diferenzas nas variables de estratificación e desagregación nas operacións de orixe dos microdatos, así como os diferentes calendario de dispoñibilidade da información aconsellan elaborar e presentar os resultados de forma independente para os tres grupos de actividade económica nos que se organizan:

I- Actividades industriais

II- Actividades de comercio

III- Actividades de outros servizos

Indicadores de multilocalización da actividade en Galicia (IMAct)

Actividade en Galicia exercida por empresas coa sede noutras CCAA: valores absolutos e % sobre o total da actividade en Galicia.

I- Actividades industriais. Tabulación por ocupados no establecemento: a) tódolos establecementos; b) establecementos con 10 ou mais ocupados. Variables:

Persoas ocupadas en Galicia

Cifra de negocios,

Compras e traballos realizados por outras empresas,

Gastos de persoal

Investimentos materiais e intanxibles en Galicia

II- Actividades de comercio. Tabulación por ocupación en Galicia: a) tódalas empresas, b) empresas con 10 ou mais ocupados en Galicia. Variables:

Persoas ocupadas

Cifra de negocios,

Soldos e salarios

Investimentos en activos materiais

III- Actividades de outros servizos. Tabulación por ocupación en Galicia: a) tódalas empresas, b) empresas con 10 ou mais ocupados en Galicia. Variables:

- Persoas ocupadas
- Cifra de negocios,
- Soldos e salarios
- Investimentos en activos materiais

Indicadores de multilocalización das empresas con sede en Galicia (IMEmp)

Actividade noutras CCAA das empresas con sede en Galicia: valores absolutos e % sobre o total da actividade total de estas empresas.

I- Actividades industriais. Tabulación por ocupados na empresa a) tódolos empresas; b) empresas con 10 ou mais ocupados. Variables:

- Persoas ocupadas
- Cifra de negocios,
- Compras e traballos realizados por outras empresas,
- Gastos de persoal
- Investimentos materiais e intanxibles

II- Actividades de comercio. Tabulación por ocupados na empresa a) tódolos empresas; b) empresas con 10 ou mais ocupados. Variables:

- Persoas ocupadas
- Cifra de negocios,
- Soldos e salarios
- Investimentos en activos materiais

III- Actividades de outros servizos. Tabulación por ocupación na empresa: a) tódalas empresas, b) empresas con 10 ou mais ocupados. Variables:

- Persoas ocupadas
- Cifra de negocios,
- Soldos e salarios
- Investimentos en activos materiais

Calendario de difusión

O sistema de indicadores de multilocalización empresarial concíbese como unha operación de carácter anual recorrente, en coherencia coas fontes orixe dos dato. O calendario concreto de difusión ven condicionado precisamente pola dispoñibilidade dos microdatos de base. No primeiro trimestre de 2016 publicaranse os resultados correspondentes á serie 2008-2013 e ó

longo de 2016 iranse incorporando os resultados de 2014 como ano de referencia, de acordo co seguinte calendario orientativo:

2º trimestre 2016: Actividades industriais

3º trimestre 2016: Actividades de Comercio e Actividades de outros servizos

Definicións e/ou notas explicativas

(Ver metodoloxías completas das enquisas estruturais de base: *Encuesta Industrial Anual de Empresas*, *Encuesta Anual de Comercio* e *Encuesta Anual de Servicios*)

Actividade económica

A actividade económica realizada por unha empresa defínese como a creación de valor engadido mediante a produción de bens e servizos. Cada empresa pode ter actividades diversas que deberían ser clasificadas en clases separadas da Clasificación Nacional de Actividades Económicas.

En xeral, a actividades levadas a cabo por unha unidade económica poden ser de tres tipos: actividade principal, secundarias e auxiliares. A actividade principal diferénciase das secundarias por sela que xera maior valor engadido; as actividades auxiliares son aquelas que xera servizos que non son vendidos no mercado e serven unicamente á unidade da que dependen (departamentos de administración, servizos de transporte, etc.)

Pola dificultade que supón o cálculo do valor engadido cando nunha empresa se realizan diferentes actividades, considérase como actividade principal aquela que xera maior volume de negocio ou, no seu defecto, a que ocupa maior número de persoas.

Establecemento, local e sedes centrais

Enténdese por establecemento ou local toda empresa ou parte dunha empresa, situada nun lugar topográficamente delimitado (taller, fábrica, almacén, local de vendas, oficina, etc.), no que se realizan actividades económicas ás que –agás excepcións- dedican o seu traballo unha ou mais persoas por conta dunha mesma empresa. Se polas propias características da actividade esta non se realiza nun lugar fixo, o establecemento é o lugar desde o que se organiza ou coordina tal actividade.

As operacións orixe dos microdatos presentan certas diferenzas no tratamento que lle dan ó establecemento. Así, en industria, a *Encuesta Industrial Anual de Empresas* ofrece información desagregada por establecemento industrial; en comercio (*Encuesta Anual de Comercio*) e demais servizos (*Encuesta Anual de Servicios*) a información desagregada está agrupada para o conxunto de locais de cada Comunidade Autónoma.

Un tipo particular de establecemento ou local é a sede central da empresa, na que se exercen actividades de apoio, planificación e xestión ordinaria ou estratéxica da empresa (CNAE 70.1). A actividade das sedes centrais resultan de máximo interese na análise da multilocalización; sen embargo, ningunha das operacións estatísticas de orixe aporta información relativa a este tipo específico de locais, limitándose, no caso da industria, á desagregación por establecemento industrial (un establecemento considérase industrial se a súa actividade principal é industrial), e, no caso de comercio e demais servizos, ó conxunto de locais en cada Comunidade Autónoma, sen especificar (*“locais nos que a empresa realiza as súas actividades con persoal ocupado asociado”*)

Persoas ocupadas

Considérase persoal ocupado o conxunto de persoas, fixas ou eventuais, que no ano de referencia exercían unha labor, remunerada ou non, para a empresa e a cargo da empresa. Contribúen, coa aportación do seu traballo, á produción de bens e servizos ou realizan actividades auxiliares na empresa. Inclúe tódalas persoas que forman parte da empresa, aínda que traballen fóra da mesma sempre que sexan pagadas por ela. Inclúe os traballadores a tempo parcial, sempre que traballen mais de 1/3 da xornada laboral completa.

Non se inclúen como empregados determinadas categorías de persoal, tales como o cedido por outra empresa da que depende e o retribúe, as persoas en excedencia ou con licenza ilimitada, os profesionais ligados á empresa por un contrato mercantil, os membros do Consello de Administración remunerados exclusivamente como tales ou os socios capitalistas que non participan activamente na empresa.

Cifra de negocios

A cifra de negocios comprende o total de importes facturados pola unidade de observación no período de referencia polas vendas de bens e servizos a terceiros, considerando tanto os realizados directamente pola propia unidade coma os procedentes de eventuais subcontratacións.

As vendas contabilízanse en termos netos, incluídas as cargas repercutidas ó cliente (por ex.: transporte e envases) aínda que se facturen por separado, e deducidos os descontos sobre as vendas (por ex.: por pronto pago, “rappels” ou devolucións) Inclúe os eventuais impostos e taxas que gravan os bens e servizos, pero non o IVE repercutido ó cliente.

Compras e traballos realizados por outras empresas

É o importe obtido como resultado de agregar as compras de materias primas (bens adquiridos para a súa transformación no proceso produtivo), aprovisionamentos (combustibles, carburantes, repostos, embalaxes, material de oficina...), mercadorías (bens adquiridos para revendelos sen sometelos a un proceso de transformación) e traballos realizados por outras

empresas (gasto correspondente ó traballo que, formando parte do proceso de produción propia, encárgase a outras empresas; nesta rúbrica destacan os gastos por subcontratación).

As compras de bens e servizos valóranse a prezos de adquisición, sen incluír o IVE soportado e deducible, e contabilízanse en termos netos, descontando conceptos como “rappels” sobre compras, descontos por defectos de calidade ou remesas devoltas ó provedor.

Gastos de persoal

Enténdese por gastos de persoal tódalas retribucións ó persoal, calquera que sexa a forma e concepto polo que se satisfacen, pagadas ó conxunto dos seus empregados como remuneración polo seu traballo, así como as cargas sociais obrigatorias e facultativas a cargo da empresa. Este concepto recolle o importe total agregado dos pagos efectuados pola empresa no ano de referencia en concepto de soldos e salarios, indemnizacións, seguridade social e outros gastos de persoal.

Soldos e salarios

Son os pagos, en efectivo ou en especie, cos que a empresa retribúe o traballo dos seus asalariados. Contabilízanse en termos de importe bruto, sen descontar impostos, contribucións dos asalariados á Seguridade Social e outras obrigas do traballador e retidas en orixe pola empresa.

Investimento bruto en activos materiais

Comprende as adquisicións a terceiros, melloras ou produción propia de activos materiais (terreos, construcións, instalacións, maquinaria e equipo e outros activos materiais).

Valóranse a prezos de adquisición si se compran a terceiros, e a custe de produción si se producen pola propia empresa, incluídos en todo caso os gastos de instalación e tódolos dereitos e canons de aplicación, pero excluído o IVE soportado e deducible, así como os gastos de financiamento.

Investimento bruto en activos intanxibles

Gastos da empresa pola adquisición ou produción propia de elementos de longa duración que non son de carácter material. Inclúen os gastos en I+D activados, concesións administrativas, propiedade industrial, fondo de comercio, aplicacións informáticas e outros activos intanxibles. Valóranse a prezos de adquisición si se compran a terceiros, e a custe de produción si se producen pola propia empresa, incluídos en todo caso os gastos de instalación e tódolos dereitos e canons de aplicación, pero excluído o IVE soportado e deducible, así como os gastos de financiamento.